

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 27 DE MAIO DE 1996.-

Na Casa do Ilmo. Concello de Ribadavia o día vinteseite de Maio de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 20 de Maio.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Dona María José Touza Rodríguez, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Rodríguez Moure, nº 7, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Estrada do Carballiño, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di o seguinte: E de aplicación a Ordenanza 4.1 ORDENANZA RC, RESIDENCIAL CERRADA. "4.1.- ORDENANZA RC: RESIDENCIAL CERRADA.- 4.1.1.- DEFINICION.- Espacio, en ordenación cerrada, con patios interiores, de uso xeneralmente de vivenda en plantas altas e de varios usos na baixa e sotos.- 4.1.2.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano de organización espacial.- 4.1.3.- NORMAS DE USO.- 4.1.3.1.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: vivenda agrupada e illada en edificios contiguos.- Industrial: industrial compatible con vivenda.- Comercial: tódolos graos.- Dotacional: primeiro grao.- 4.1.4.- NORMAS DE VOLUME.- 4.1.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñacións e rasantes: as de planeamento.- 4.1.4.2.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Solar mínimo: 60 m²; fronte mínima: 6 metros.- Poderán admitirse menores dimensións por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- 4.1.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- O espacio interior do polígono delimitado trazando paralelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá e edificación dunha planta ou cinco metros de altura.- Particularidades por ubicación: O fondo é o correspondente ó que sinalan as tramas do plano das NN.SS., escala 1: 2000 que aporta a solicitante.- As aliñacións, as sinaladas polas NN.SS.- A altura de cornisa segundo anchdo de rúa correspóndelle, vinte metros e B+5".

Visto o escrito de Don Celso Alén Vidal, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Piñeiral, 16, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no piso 2º D, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Dona Lucila Pérez Estévez, veciña de Francelos, con domicilio na rúa Pouso, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Dona Lucila Pérez Estévez, veciña de Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga nun inmovible sito na rúa Lucía do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecementos dos seguintes:

Da farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de auga do abastecemento de consumo público, captación en Santa Cristina e Ribadavia.

Da farmaceutica titular, resultados das análises mínimas do abastecemento de Santa Cristina, da traída de Ribadavia con toma na Escola de San Paio, da fonte das vivendas de San Paio e, da fonte das vivendas de Muñoz Calero.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 2/96, por importe de 21.780.060 pesetas, para financiar gastos que por natureza son competencia desta Administración Municipal, en concreto para financiar gastos correspondentes á Escola Taller "Avia", 4ª fase.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la certificación final da obra do Plano de axudas ós Concellos para infravivenda rural de 1994, denominada "Reconstrucción de Infravivenda de Dona Concepción Rivera Alvarez sita na Rotea, 35, do lugar de San Cristovo", expedida polo Director da mesma, o Sr. Asesor Urbanístico do Concello, Don Javier Suances Matías, sendo contratista da mesma a Empresa Finsobra S.L., por importe total de 2.930.243 pesetas. Así mesmo, esta Comisión acorda que se remita a correspondente certificación ó Instituto Galego da Vivenda e Solo.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA DENOMINADA "SANEAMENTO MAQUIAS E GANDARELA.- Examinado o expediente denominado "SANEAMENTO MAQUIAS E GANDARELA", unha vez procedida á apertura de plicas e tendo en conta o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- declarar válido o acto de licitación.- 2º.- adxudica-lo concurso definitivamente para a contratación da obra "Saneamento Maquiás e Gandarela", á empresa AQUAGEST, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Agua S.A., con domicilio en rúa do Villar, 18, 2º, en Santiago de Compostela, polo prezo de 7.775.686 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas.- 3º.- Devolve-las garantías provisionais a tódolos licitadores, excepto ó adxudicatario que será requirido para a constitución da garantía definitiva. Na súa consecuencia esta Comisión de

Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de tres días contados dende a data da notificación da presente.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda convoca-lo concurso público por procedemento aberto en vía de urxencia para prestación de servizos deportivos durante 1996 nas actividades físicas e deportivo-recreativas de natación e piragüismo na Escola Municipal; así mesmo, este órgano por unanimidade aprobou o prego de condicións que rexerán a contratación, o que se expón ó público polo período de catro días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio na publicación no B.O.P. : PLIEGO DE CONDICIONS PARA A PRESTACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 1996 NAS ACTIVIDADES FISICAS E DEPORTIVO-RECREATIVAS DE NATACION E PIRAGÜISMO NA ESCOLA MUNICIPAL.-

1º.- OBXECTO. O obxecto do presente contrato é a prestación de servizos de profesores para as actividades físicas e deportivo-recreativas programadas polo Concello de Ribadavia, relativas a natación e piragüismo segundo se especifica no Anexo I.

2º.- FORMA DE ADXUDICACION E CARACTER DO CONTRATO.- E o concurso por procedemento aberto, de acordo cos artigos 74, 75 e 209.

Dada a urxencia da contratación, os prazos de licitación reduciranse á metade, publicándose o anuncio de forma inmediata no taboleiro de anuncios do Concello, lugares de costume e no B.O.P.

Os adxudicatarios non adquirirán a condición de funcionario, nin a súa relación co Concello será laboral, entendéndose este contrato a tódolos efectos como contrato administrativo de servizos.

3º.- DURACION DO CONTRATO. Dende o 1 de xullo ata o 30 de Agosto no caso do piragüismo, e dende o 1 de xullo ata o 10 de setembro no caso da natación, sempre referido ó ano 1996 ; comprendendo tódalas actividades programadas e realizadas polo servizo municipal de deportes durante este período.

4º.- PREZO DO CONTRATO. Será a resultante das actividades realizadas ó prezo que se determina no anexo I, con un importe máximo de natación, 450.000 pesetas; piragüismo, 250.000 pesetas.

5º.- CONTIDO DO SERVICIO. Quen resulte adxudicatario comprométese a realiza-los seguintes servizos.

Mestres: Atendendo ás directrices marcadas pola dirección do servizo municipal de deportes, encargárase das seguintes funcións:

- Presencia no lugar da actividade ó menos 15 minutos antes do comezo das clases, no desempeño das funcións propias da especialidade: revisión da instalación, materiais, listados e resto das necesidades para o desenvolvemento normal da clase.
- Elaboración da programación técnica segundo a especialidade.
- Recolleita de datos e documentación para o control dos alumnos.
- Estar ó día respecto das disposicións relativas a normas e especificacións técnicas.
- Colaborar na elaboración de calendarios e confección de horarios coa Dirección do servizo municipal de deportes.
- Informar a quen corresponda das incidencias ocorridas durante o desenvolvemento da actividade.
- Traslado, custodia, bo uso e devolución do material que se lle facilite.
- Participar na organización de xornadas de promoción deportiva, que que programe o servizo municipal de deportes.

Quenes desempeñen esta función deberán reuni-los requisitos de idade e coñecementos mínimos

exisidos polas Federacións respectivas ou organismos competentes, segundo as persoas participantes en cada actividade.

6º.- FUNCIONAMENTO. Con carácter xeral programaranse xuntanzas periódicas coa dirección do SMD (Servicio Municipal de Deportes) para o seguimento, control e avaliación das actividades.

7º.- OBRIGAS DO CONTRATISTA. Os adxudicatarios dos servicios, fixaran en coordinación coa Dirección do SMD as datas e horarios das clases, atendendo o seguinte baremo.

Natación: DIAS: De luns a venres. DURACION CLASE: 3/4 de hora. RATIO ALUMNO/CLASE: 20 alumnos/clase.

Piragüismo: DIAS: Luns-mércores-venres. DURACION CLASE: 60 minutos. RATIO ALUMNO/CLASE: 10 alumnos/clase.

Os horarios serán fixados de mútuo acordo entre o adxudicatario e a Dirección do SMD., según a disponibilidad da instalación e en cumprimento do regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais (BOP, 12 de xaneiro, 1996).

Tendo en conta a actividade a realizar o adxudicatario coidará a boa presenza, e comportamento correcto cos participantes nas actividades.

O Concello de Ribadavia poderá comprobar en calquera momento o cumprimento da lexislación e normativa que sexa de aplicación, comunicando o adxudicatario as anomalías e incidencias que se observen para a súa inmediata corrección.

8º.- FACTURACION. Os servicios efectivamente realizados durante cada mes natural presentaranse en factura por duplicado na Intervención do Concello de Ribadavia.

a) Os servicios non realizados por causa imputables ó Concello serán aboados ó 100%.

b) O resto serán asumidos polo adxudicatario.

9º.- REQUISITOS DOS OFERTANTES. Poderán presentar oferta todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou entidades deportivas, capacitadas para a prestación do servicio.

10º.- CAUSAS DE RESCISION.-

- Deixación das funcións definidas no punto 4º.

- Non cumpli-los prazos ou omitir ou emprender accións que afecten o servicio ou perxudiquen a imaxen do Concello.

- Eludi-las inspeccións, non aporta-los documentos ou informacións que se lle requiran sobre o desenrolo das actividades ou dos requisitos que deben cumprir o adxudicatario respecto da lexislación vixente ou o presente pliego.

11º.- PROPOSICIONS.- Os interesados deberán presentar a súa oferta no Concello de Ribadavia, dentro do prazo de trece días naturais a partir o seguinte día ó da publicación do presente prego no Boletín Oficial da Provincia, no rexistro xeral do Concello de 9 a 14 horas.

A oferta conterà:

- Declaración expresa de estar enterados e acepta-las condicións do presente pliego.

- Precio ofertado para realiza-lo servicio que poderá mante-lo prezo base ou o que estimen oportuno.

- Persoal, medios e experiencia en servicios similares.

- Calqueira outra documentación, referencia ou memoria que permita unha mellor avaliación da oferta.

12º.- CRITERIOS DE ADXUDICACION. Valoraranse os seguintes:

- Capacidade técnica, cualificación e experiencia.
- En caso de que houbera melloras dos servicios, éstas tamén se avaliarán como criterio.
- Prezo ofertado respecto o prezo base que figura no anexo I.

13º.- CELEBRACION DO ACTO DE LICITACION. A apertura de plicas celebrarase na casa do Concello, ás doce horas do día seguinte hábil a aquél no que remate o prazo de presentación de proposicións trala constitución da Mesa de Contratación no día e hora sinalados baixo a presidencia do Sr. Alcalde ou membro da Corporación en quen delege e coa asistencia do Secretario da Corporación ou persoa que o substitúa, que será que dea fe do acto.

14º.- NORMAS DO CONTRATO.- Para todo o que non estea establecido no presente prego de condicións, estarase ó disposto na Lei 13/1995, do 18 de maio, no RDL 781/1986, do 18 de abril, e demais normas concordantes e complementarias.

Modelo de proposición:

D./Dna. ... con D.N.I. (ou CIF) nº, con enderezo en ..., informado do anuncio e prego de condicións que rexen na contratación por procedemento negociado sen publicidade por razón de contía de prestación dos servicios de profesores de natación e piragüismo das escolas municipais correspondente, comprométome a presta-lo servicio de profesor de (natación, piragüismo ou ámbolos dous) pola cantidade de (en letra e número) pesetas, impostos incluídos, e a tal efecto achego a documentación esixida.

Asemade, declaro baixo a miña persoal responsabilidade coñecelo Pliego de Condicións que rexe esta contratación de servicios e tamén declaro non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para optar ó presente contrato.

Anexo I.-

Especialidade Prezo base

Natación 3.462 pts/hora.

Piragüismo 3.205 pts/hora.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.